



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE  
**FENE**

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña  
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es  
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# **RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2021 – 2022**

**CENTRO: IES DE FENE**

**CURSO: 3º ESO**

**MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

**DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

## 1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

### LENDA APLICABLE AO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

1. Aqueles estándares **básicos**, dado o seu carácter fundamental para superar a materia.
2. Aqueles estándares que o alumnado debe **controlar con soltura**, pero que non teñen carácter fundamental para o dominio da materia.
3. Aqueles estándares de **nivel máis alto**, que o alumnado non ten que dominar obrigatoriamente.

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar</b>	
LCLB1.1.2. Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información da persuasión na publicidade e a información da opinión en noticias, reportaxes, etc., identificando as estratexias de enfatización e de expansión.	2
LCLB1.1.3. Resume textos, de forma oral, recollendo as ideas principais e integrándoas con claridade en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	1
LCLB1.2.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	2
LCLB1.2.2. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e instrutivos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.	1
LCLB1.3.1. Escoita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información salientable, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os intercambios comunicativos espontáneos.	1
LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	2
LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	2
LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.	1
LCLB1.5.2. Organiza o contido e elabora guiños previos á intervención oral formal, seleccionando a idea central e o momento en que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundarias e os exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento.	2
LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	2
LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	3
LCLB1.5.5. Avalía, por medio de guías, as producións propias e alleas, mellorando progresivamente as súas prácticas discursivas.	3
LCLB1.6.1. Participa activamente en debates e coloquios escolares respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións das demais persoas.	1
LCLB1.6.2. Avalía as intervencións propias e alleas.	2

<b>Bloque 2: Comunicación escrita: ler e escribir</b>	
LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.	2
LCLB2.1.2. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.	2
LCLB2.1.3. Avalía o seu proceso de comprensión de lectura usando fichas sinxelas de autoavaliación.	2
LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, educativo ou escolar, e social (medios de comunicación), identificando a tipoloxía textual seleccionada, a organización do contido, as marcas lingüísticas e o formato utilizado.	1
LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.	1
LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	1
LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	2
LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.	2
LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	1
LCLB2.5.1. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalía a súa propia produción escrita ou a dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	2
LCLB2.5.2. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita e axustándose ás normas ortográficas e gramaticais que permiten unha comunicación fluída.	2
LCLB2.6.1. Escribe textos argumentativos con diferente organización secuencial, incorporando diversos tipos de argumento, imitando textos modelo.	2
LCLB2.6.2. Utiliza variados organizadores textuais nas exposicións e nas argumentacións.	1
LCLB2.6.3. Resume textos xeneralizando termos que teñen trazos en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente, evitando parafrasear o texto resumido.	1
LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.	2
LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.	2
LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a escritura.	2
LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.	2
<b>Bloque 3: Coñecemento da lingua</b>	
LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	1
LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	1
LCLB3.2.1. Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (raíz e afixos), e aplica este coñecemento á mellora da comprensión de textos escritos e ao enriquecemento do seu vocabulario activo.	2
LCLB3.2.2. Explica os procedementos de formación de palabras, distinguindo as compostas, as derivadas, as siglas e os acrónimos.	2

LCLB3.3.1. Identifica os grupos de palabras en frases e textos, diferenciando a palabra nuclear do resto de palabras que o forman, e explica o seu funcionamento no marco da oración simple.	2
LCLB3.3.2. Recoñece e explica nos textos o funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar como complementos verbais argumentais e adxuntos.	1
LCLB3.4.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado e interpretando a presenza ou a ausencia do suxeito como unha marca da actitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor.	2
LCLB3.4.2. Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, e explica os papeis semánticos do suxeito (axente, paciente e causa).	2
LCLB3.4.3. Amplía oracións nun texto usando diferentes grupos de palabras, utilizando os nexos adecuados e creando oracións novas con sentido completo.	1
LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.	2
LCLB3.6.1. Identifica e usa en textos orais ou escritos as formas lingüísticas que fan referencia ao emisor e ao receptor ou á audiencia (persoa gramatical, uso de pronomes, suxeito axente ou paciente, oracións impersoais, etc.).	2
LCLB3.7.1. Recoñece a coherencia dun discurso atendendo á intención comunicativa do emisor, identificando a estrutura e a disposición de contidos.	2
LCLB3.7.2. Identifica estruturas textuais (narración, descrición, explicación e diálogo), explica os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e na mellora de textos propios e alleos.	1
LCLB3.8.1. Localiza nun mapa as linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos, recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.	3
LCLB3.8.2. Recoñece as variedades xeográficas do castelán dentro e fóra de España.	3
LCLB3.9.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	1
LCLB3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	1
<b>Bloque 4: Educación literaria</b>	
LCLB4.1.1. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.	1
LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.	2
LCLB4.3.1. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.	2
LCLB4.4.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	2
LCLB4.4.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polo alumnado, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.	2
LCLB4.5.1. Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.	1
LCLB4.5.2. Expressa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.	2
LCLB4.6.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	2

LCLB4.6.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	2
LCLB4.7.1. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, claridade e coherencia.	1
LCLB4.7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	1

## 2. Criterios de cualificación (para os tres posibles escenarios)

- **ENSINO PRESENCIAL**

A **nota de cada avaliación** calcularase do seguinte xeito:

2 probas prácticas escritas: 60%

Traballo trimestral taller escritura lectura (libro): 20%

Proba léxico (diccionario creado na clase, Aula virtual): 10 %

Actividades aula: 10%

Se un alumno falta a unha proba escrita, só se lle repetirá se achega un XUSTIFICANTE OFICIAL que acredite a imposibilidade de facer o exame na data fixada.

A cualificación mínima para superar cada avaliación, e a materia a final de curso, é de 5.

**A nota final do curso será o promedio ponderado das tres avaliacións:**

**1ª AVALIACIÓN 20%**

**2ª AVALIACIÓN 30%**

**3ª AVALIACIÓN 50%**

**A avaliación será progresiva e continua**, polo que o feito **de aprobar unha avaliación recupera a anterior**. Se o alumno/a suspendese ó final, disporá dunha **proba obxetiva en xuño**, que permita reevaluar a aqueles alumnos/as, que tras tódalas medidas necesarias (traballos, reforzos, cambios metodolóxicos), non alcancen unha valoración positiva.

Nese sentido, no **período abrangido entre a terceira avaliación parcial e final** realizaranse actividades de apoio e reforzo, así como exames e/ou tarefas de recuperación para tentar que o alumnado supere a materia.

Tamén se levarán a cabo actividades de ampliación que poderán servir para redondear a nota.

## Expresión e cuestións formais

Na cualificación dos exames, así como de calquera traballo escrito teranse en conta a corrección formal e a destreza do alumnado no uso escrito da lingua. Así, poderase descontar da cualificación global ata un máximo de 1 punto por erros relacionados cos seguintes aspectos: carencias graves no que se refire a unha presentación correcta; emprego de rexistros coloquiais ou vulgares; carencias en canto ao ordenamento lóxico da información ou á estruturación dos parágrafos; erros graves de puntuación ou de uso dos conectores; erros no uso das normas ortográficas, así como erros gráficos: non respectar as marxes no texto, facer uso excesivo de tachones e tipex, non realizar un interlineado adecuado, etc.

Deste xeito, os erros compútanse segundo diferentes niveis de gravidade:

- Descontarase 0,1 puntos por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico e 0,1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou sobran).

- A falta de marxes, limpeza, estruturación, así como outras faltas arriba mencionadas penalizarase con 0,25 puntos.

### ● ENSINO SEMIPRESENCIAL (Motivado pola Covid)

Os criterios de cualificación e os instrumentos de avaliación manteríanse, reservando o período de ensino telemático exclusivamente para realizar diversas tarefas e / ou traballos (avaliables ao mesmo nivel que os realizados presencialmente) que cada profesor estipule, explicación dalgúns contidos, envío e corrección de actividades. Para realizar as probas obxectivas esperarase á reincorporación ao ensino presencial.

En todo caso, cando un profesor/para considere que as probas ou traballos que se fagan de forma non presencial necesiten dunha verificación de autoría, poderá solicitar a realización dunha defensa oral que demostre a mesma e a asimilación dos contidos.

### ● ENSINO A DISTANCIA (Motivado pola Covid)

No caso de que as autoridades sanitarias decidan a suspensión da actividade presencial por un tempo prolongado ou que, sen selo, imposibilite a realización presencial das probas correspondentes a cada unha das avaliacións, co fin de outorgar en cada curso unhas cualificacións da materia coa maior obxectividade posible, o profesorado poderá deseñar probas telemáticas ou substituílas por tarefas e/ ou traballos en función de cada curso e da situación de excepcionalidade vixente.

Estas probas ou tarefas desenvolveranse no formato establecido polo profesor/a e o alumnado será informado previamente das súas características.

Se as actividades / traballos que presente o alumnado non son de autoría propia serán cualificados cun 0.

Da mesma maneira, cando un profesor/para considere que as probas ou traballos que se fagan de forma non presencial necesiten dunha verificación de autoría, poderá solicitar a realización dunha defensa oral que demostre a mesma e a asimilación dos contidos.

O alumnado será avaliado na fase non presencial mediante a elaboración de traballos escritos ou orais, probas ou cuestionarios e realización de tarefas indicadas polo profesorado. Estas poden ser de distinto tipo, atendendo ás posibilidades que nos ofrecen as aulas virtuais. O profesorado recollerá de forma sistemática a información dos traballos entregados polo alumno e revisará se as entregas realízanse dentro dos prazos establecidos e a calidade dos mesmos. Se, atendendo ás particularidades da situación, se imparten clases por videoconferencia, pódese ter en conta a participación do alumnado nelas ou nos chats e foros que se habiliten, do mesmo xeito que se valora a participación e o traballo diario nas clases presenciais.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO ENSINO A DISTANCIA:

##### NOTA DA AVALIACIÓN :

A) Se a materia impartida e examinada de forma presencial é igual ou superior ás 50%

- Probas e traballo presencial: 80% (seguindo os criterios da programación ordinaria)

-Tarefas, traballos, probas telemáticas non presenciais: 20%

B) Se a materia impartida e examinada de forma presencial é inferior ás 50%

- Probas e traballo presencial: 70% (seguindo os criterios da programación ordinaria)

- Tarefas, traballos, probas telemáticas non presenciais: 30%

NOTA FINAL: En caso de obter unha cualificación negativa na materia, o alumnado poderá realizar unha proba de recuperación que se desenvolverá segundo o formato e os criterios establecidos polo profesor/a.

Para recuperar, o cálculo será o seguinte:

Nota presencial: 50%

Tarefas/probas individuais de recuperación: 50%

Este alumnado terá que realizar tarefas específicas que consistirán en actividades e probas en liña. Da súa correcta realización e entrega dependerá parte da nota de recuperación. A simple entrega non garante a puntuación do devandito traballo. A falta de orixinalidade suporá a anulación do mesmo e a súa puntuación será 0.

Tamén formarán parte deste grupo aqueles alumnos/ as que, por motivos de enfermidade, non puideron realizar algunha proba importante nalgunha avaliación.

## ● ALUMNADO EN CORENTENA

Durante este curso pode ser frecuente que haxa alumnado que, aínda atopándose ben fisicamente, non poida asistir a clase durante algúns días/semanas por estar en corentena.

Nestes casos, o sistema que se seguirá será o seguinte: O profesor/para comunicará ao alumno/a e/ou ás súas familias, a través das canles de comunicación habituais (aulas virtuais Moodle, correo electrónico ou Abalar) as tarefas que se están levando a cabo nas clases presenciais, e será a súa responsabilidade realizalas durante o seu período de corentena e remitilas ao profesor/a de a forma que este lle indique.

As probas obxectivas que se realicen durante ese período realizaraas presencialmente no momento da súa incorporación ao instituto, o primeiro día ou, como moi tarde, ao día seguinte. Se se dá o caso de que non fose posible realizalas presencialmente dentro da avaliación, o alumno/a realizaría unha proba telemática, seguindo as instrucións do seu profesor/a.

Os criterios de cualificación manteríanse, dado que se segue considerando que este alumnado está escolarizado no ensino presencial.

Cando un profesor/a considere que as probas ou traballos que se fagan de forma non presencial necesiten dunha verificación de autoría, poderá solicitar a realización dunha defensa oral que demostre a mesma e a asimilación dos contidos.

Isto mesmo aplicarase a todo tipo de ausencias nas que o alumnado non estea imposibilitado para poder seguir traballando dende a casa.